


2.- Atendendo ao documento (puntuación máxima de 4 puntos):

- Cite cinco provincias que teñan unha taxa de poboación estranxeira entre 12 e 15,9% (1 punto).
- Identifique o tipo de documento e relacione áreas xeográficas cos valores das taxas (1 punto).
- Explique as causas das diferenzas das porcentaxes observadas no documento (1 punto).
- Comente as consecuencias das diferenzas representadas no documento (1 punto).



Taxa de poboación estranxeira: porcentaxe de estranxeiros sobre o total de poboación provincial.

2.- Atendendo ao documento (puntuación máxima de 4 puntos):

- Cite cinco provincias que teñan unha taxa de poboación estranxeira entre 12 e 15,9% (1 punto).

Hai que citar cinco destas provincias: Barcelona, La Rioja, Segovia, Guadalajara, Madrid, Murcia, Málaga, Santa Cruz de Tenerife e Las Palmas.

- Identifique o tipo de documento e relacione áreas xeográficas cos valores das taxas (1 punto).

O mapa reflicte a porcentaxe de poboación estranxeira nas provincias españolas. É un mapa de coropletas que representa datos cuantitativos asociados a unidades administrativas (neste caso provincias) utilizando cores de recheo diferentes. O mapa presenta unha clasificación en cinco intervalos de clase (cada clase unha cor) e inclúe una escala gráfica.

As áreas xeográficas que se poden diferenciar facilmente son o Levante mediterráneo desde Girona ata Almería, cunha taxa elevada de poboación estranxeira. Pola contra a parte occidental de España e a cornixa cantábrica teñen as taxas máis baixas.

- Explique as causas das diferenzas das porcentaxes observadas no documento (1 punto). Como causas das diferenzas das porcentaxes pódense citar:

- O crecemento económico baseado en gran medida no boom inmobiliario (“o ladrillo”); este crecemento aumentou a oferta de postos de traballo en sectores que non eran cubertos por man de obra española. O resultado foi un maior crecemento dos estranxeiros nas áreas máis turísticas de España (Mediterráneo e arquipélagos) e máis dinámicas economicamente. Os inmigrantes cubrirán postos de traballo nos sectores da construción, dos servizos (hostalaría, fogar) e tamén da agricultura mediterránea (por exemplo, cultivo baixo plástico), como sería o caso de Almería, Murcia ou Lleida.
- No caso de Madrid e as provincias limítrofes e Barcelona hai que ter en conta que os inmigrantes se sitúan nas dúas metrópoles españolas para logo buscar traballo. Madrid e Barcelona actuaron como centros de distribución de traballadores inmigrantes.

- No litoral mediterráneo e as illas atópase unha inmigración de poboación xubilada da Europa noroccidental, debido á forte acollida que propicia o clima suave desta zona.
- A menor incidencia da inmigración en Galicia e a cornixa cantábrica explícase polo menor efecto do boom inmobiliario (non se construíron tantas casas coma no Mediterráneo) e o tipo de agricultura, cun maior peso da gandería no produto final e non tan orientada cara ó mercado exterior como a mediterránea.



d) Comente as consecuencias das diferenzas representadas no documento (1 punto).

Como consecuencias pódense citar aspectos:

- Demográfico: a poboación española medra no último decenio do século XX e comezos do XXI; no censo de 1991 ten 38.872.268 habitantes; no do 2001, 40.847.371; e no censo de 2011, 46.815.916. Este incremento está influído pola inmigración. A fecundidade en España tamén varía na segunda metade dos 90, sendo o punto de inflexión 1996 co número de fillos por muller máis baixo. No 2003 as mulleres españolas tiñan como media 1,26 fillos e as estranxeiras 1,90.
- Económico ou laboral: a inmigración supón (polo perfil de idade dos inmigrantes) un aumento da poboación activa española ata case 23 millóns de persoas, con consecuencias importantes, entre outras para as pensións.
- Aspecto social: tamén se pode mencionar cos posibles problemas de integración, a aparición de actitudes xenófobas, as mafias vinculadas á inmigración irregular e os problemas humanos desta. É moi importante o fenómeno migratorio das últimas décadas: o cambio social máis importante na España do século XXI.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Cite as cinco provincias peninsulares máis meridionais co menor índice de envellecemento, recollidas na figura 1 (1 punto).
- Identifique a figura 2 e caracterice o modelo de estrutura demográfica á que responde. Razoe a resposta. (1 punto).
- Explique as causas dos entrantes e saíntes nos grandes grupos de idade (1 punto).
- Comente as consecuencias que se poden derivar da estrutura de poboación que reflicte a figura 2 (1 punto).



Fonte dos datos. INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA

Datos en porcentaxes

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Cite as cinco provincias peninsulares máis meridionais co menor índice de envellecemento, recollidas na figura 1 (1 punto)

Huelva, Sevilla, Cádiz, Almería e Murcia.

b) Identifique a figura 2 e caracterice o modelo da estrutura demográfica á que corresponde. Razoe a resposta (1 punto)

É una pirámide de poboación, un histograma (úsase para representar as frecuencias dunha variable cuantitativa continua)/ gráfico de barras horizontais, bidireccional que mostra a estrutura demográfica da poboación, por sexo e idade, nun momento determinado.

No eixo vertical temos os rangos das idades (5 en 5 anos) e no horizontal os efectivos de poboación masculina e feminina en porcentaxe sobre o total da poboación. Forma da pirámide propia dos países desenvolvidos con taxas de natalidade moi baixas e unha mortalidade en aumento pola alta esperanza de vida asociada a un réxime demográfico moderno/postmoderno.

Pirámide contractiva/ forma de urna/ regresiva/ formas triangular ou de parasol, de oxiva ou campá correspondente a unha poboación envellecida. Base estreita por acusada diminución da poboación xoven e ensanchamento da poboación adulta e anciá.

c) Explique as causas dos entrantes e saíntes nos grandes grupos de idade (1 punto)

– Entrante 70 a 74 anos nados desde 1938 ata 1942, correspóndese coa caída de nacementos durante a Guerra Civil e a posguerra; este é menos visible nas mulleres pola maior lonxevidade e menores taxas específicas da mortalidade.

– Saínte para os emigrantes retornados de máis de 60 anos.

– Saínte correspondente ao baby boom dos 60 para os maiores de 40 anos (grupos de idade nados entre 1962 e 1972 aprox.) Forte crecemento vexetativo dos anos do “desarrollismo” e política pronatalista do réxime ditatorial.

– Saínte polo aporte de adultos da inmigración nas idades entre 30 e 39 anos

– Entrante moi significativo pola baixada da fecundidade nos 90, asociado aos cambios sociais e culturais (carga económica, incorporación laboral da muller, planificación familiar,...) que acompañan ao final da transición demográfica e redución por mor da crise económica.

1. diminución natalidade desde 1979.

2. Obsérvase mellor a baixada da cohorte de 25 a 29 anos (nados a finais dos 80 e comezos dos 90).

– Saínte por incremento da natalidade que se explica pola inmigración nos primeiros grupos de idade (de 0 a 9 anos). Esta poboación conserva comportamentos de fecundidade propios das rexións de orixe (países subdesenvolvidos)

d) Comente as consecuencias que se poden derivar da estrutura da poboación que reflicte a figura 2 (1 punto)

– Envellecemento

• Dedicar maiores recursos á asistencia de anciáns, aumento do gasto destinado ás pensións.

• Problemas para o mantemento do Estado do Benestar, os servizos sociais e sanitarios sofren una maior presión.

• Retraso na idade de xubilación.

• Menor capacidade de innovación e incremento de modos de vida conservadores e risco de xerontocracia.

• Dificultade para asegurar o reposición xeracional.

– Leve recuperación demográfica

• Aínda insuficiente para evitar a crise demográfica que se prevé a medio prazo.

• Aumento da necesidade de servizos asociados aos primeiros grupos de idades.

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):


a) Identifique as figuras 1 e 2 (1 punto).

b) Cite cinco provincias cun saldo vexetativo entre -0,1 e -1,99 ‰ (1 punto).

c) Explique os tipos de réximes demográficos que pode distinguir na figura 1 (1 punto).

d) Sinale catro causas que expliquen o último réxime demográfico representado na figura 1 (1 punto).

MOVIMIENTO NATURAL DA POBOACIÓN EN ESPAÑA (1861-2015)



2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Identifique as figuras 1 e 2 (1 punto).

Gráfico lineal con dous eixos, no horizontal aparecen os intervalos cronolóxico do 1861-2015, representando dúas magnitudes, a taxa de natalidade e a de mortalidade, a fonte é o INE, e no vertical as taxas en tantos por mil; e mapa de coropletas que se utilizan para representar fenómenos con numeracións, neste caso presenta unha división administrativa en provincias, presenta unha lenda e a fonte é España a través de los mapas, e tamén presenta unha escala gráfica.

b) Cite cinco provincias cun saldo vexetativo entre -0,1 e -1,99 ‰ (1 punto).

Badaxoz, Biscaia, Cantabria, Cidade Real, Lleida, Pontevedra, Segovia, Valladolid, Zaragoza.

c) Explique os tipos de réximes demográficos que pode distinguir na figura 1 (1 punto).

- Réxime demográfico (RD) antigo ata 1893, caracterizado por moi altas taxas de natalidade e mortalidade (superiores ao 30‰), co resultado de escaso crecemento da poboación. Neste réxime demográfico, propio de sociedades rurais, existía una alta mortalidade infantil. Na gráfica sobresaie o pico de mortalidade de 1885 causado por unha epidemia de cólera. Na década de 1880 a 1889 a tuberculose, as tifoideas, o xarampón e outras enfermidades constituíron o 41,3% dos falecementos.

- Inicio da transición demográfica (TD) que dura ata 1963 caracterizada por una baixada brusca da mortalidade motivada polo desenvolvemento económico e a mellora das condicións de vida. A natalidade descende de forma suave, sendo deste xeito o crecemento natural da poboación elevado. Nesta fase sobresaie a gripe española de 1918 polo incremento da mortalidade e a guerra civil española (1936-1939) polo aumento da mortalidade e, sobre todo, pola subnatalidade que provoca.

- Final da TD a comezos dos anos 80. A mortalidade mantívose moi baixa pero a natalidade continuou descendendo, reducíndose o crecemento natural. A incorporación da muller ao mundo laboral, o diferente papel dos fillos e a extensión de métodos anticonceptivos foron, entre outros, causa do descenso da natalidade.

- Novo réxime demográfico ou Segunda Transición Demográfica (STD) desde os comezos do século XXI. As taxas de natalidade e mortalidade seguen sendo moi baixas polo que o crecemento é nulo. A chegada de inmigrantes permite un breve crecemento da natalidade antes da crise de 2008. Entre o ano 2000 e 2009 a taxa de natalidade superará o 10‰. Poden aparecer as dúas etapas de transición como única.

d) Sinale catro causas que expliquen o último réxime demográfico representado na figura 1 (1 punto).

- A situación económica de crise a partir de 1975 e que continuou na década dos 80 incrementou a idade media de matrimonio e acurtou o período fértil das mulleres pola:

- Precariedade laboral
- Alto prezo da vivenda

- Cambios de mentalidade e de valores desde a transición á democracia con:

- Diminución da influencia relixiosa
- Uso de anticonceptivos
- Legalización do aborto, en certos supostos, e do divorcio
- Aumento do acceso feminino á educación e incremento da participación da muller no mercado laboral
- Dificultades na conciliación familiar (escaseza de garderías, ausencia de políticas a favor)
- Os fillos xa non se consideran un seguro de vellez (progreso da protección social)

- Lixeira recuperación na actual centuria grazas á inmigración estranxeira

- Lixeiro aumento da mortalidade desde os 80 debido ao envellecemento da poboación

- Crecemento natural descendeu ata o final da centuria anterior polas baixas taxas de natalidade e de mortalidade.